

Boas familias! Espero que estedes todos ben nestes días tan complicados, a continuación vos envío unha proposta de actividades para traballar nestas semanas. Tamén vos adxunto un caderno de escritura e outro de mandalas, que sei que lles encantan, e un tutorial para facer debuxos paso a paso. Un abrazo moi forte para todos os nenos e nenas!

1. XOGAMOS ÁS COMPRAS: podedes montar un pequeno supermercado na casa e xogar a facer a compra, podedes debuxar e pintar billetes e moedas para pagar, pedir os diferentes alimentos de xeito que se mencionen as unidades de medida, por exemplo: "un litro de leite" ou "200 gramos de queso", tamén sería interesante que eles mesmos elaboraran unha lista da compra, preguntar os precios (traballando os números do un ó cen) ou introducir pequenas sumas para realizar os pagos.
2. NÚMEROS: facer sumas e restas sinxelas. Contar obxectos e escribir correctamente os números. Contar en forma crecente e decrecente, de un en un, de dous en dous ou escribir os números ata o cen. Contar do un ó cen de xeito crecente ou decrecente de dez en dez, sumando e restando dez.
3. XOGOS DE MESA OU CARTAS: parchís, o xogo da oca, xogos de cartas tipo UNO, xogos de memoria, tres en raia, dominó, facer labirintos, rompecabezas...
4. XOGOS DE LETRAS: reproducir palabras que comezan ou conteñen unha letra específica. Exemplos: debuxar sete cousas que conteñan a letra "s"; cinco con "p", seis comezando por "a"...
5. ATENCIÓN E MEMORIA: é un bo momento para aprender enigmas, cancións, palabras cruzadas e poesía.
6. PRACTICAR A ESCRITURA: xa coñecen a ortografía de varias letras e tamén oficios, días da semana, meses do ano ... Poden escribir frases sinxelas, pequenas rimas, listas de todo tipo (animais, plantas, amigos, debuxos ...) nome e apelidos ou frases. Poden inventar historias, resumir unha película que lles guste, copiar a letra dunha canción, facer unha receita, describirse a si mesmo ou a outra persoa do seu

contorno... Todo en minúsculas e acompañado do debuxo correspondente. Facer unha folla de grafomotricidade diaria.

7. LECTURA COMPRESIVA: podedes ler contos que teñades na casa, despois pedirilles que vos escriban un pequeno resumo e un debuxo, tamén facerlle preguntas sobre o conto. Tamén podedes comentar xuntos a historia ou inventar outro final. Ademáis, podedes ler outros tipos de libros, periódicos, revistas, receitas, dicionarios, publicidade...
8. NORMAS DE CONVIVENCIA: elaborar un listado de normas de convivencia a seguir no cole e na casa.
9. CADA COUSA Ó SEU TEMPO: Acostumbralos a esperar. Que aprendan que as súas necesidades e desexos non se poden satisfacer ó momento. Recordarlles que deben manexar ben as emocións e resolver os conflitos de forma autónoma e razoable. "Tratar de que falen en voz baixa, por iso tamén se lles debe falar en voz baixa"
10. MANUALIDADES: realizar traballos de plástica con diferentes materiais (papel, ceras, teas, goma eva, materiais reciclados... e cortar e decorar)